



Xeración de Crédito 010-X/21 (40/21)

Expte. CIVIDAS nº 2021049444

Exptes relacionados: 2021049461 e 2021039688

DECRETO ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 23/12/2021 (ref: JFC/228/2021), asinado tamén pola Concelleira delegada de Facenda na mesma data, en relación coa solicitude de tramitación dunha xeración de créditos feita polo Servizo de Infraestruturas mediante Providencia de data 23/12/2021.

Visto o informe favorable emitido pola Intervención Municipal (ref: 10-X/21) de data 29/12/2021, que conclúe: *“Os compromisos de ingresos que xeran crédito ascenden á cantidade de 4.000,00 euros e teñen o seu reflexo contable no concepto 76101 do orzamento municipal. Dado que os recursos que se propoñen cara á xeración de crédito cumpren cos requisitos previstos na normativa referenciada, e en particular por tratarse de ingresos de natureza non tributaria e encontrarse dentro dos supostos taxados do artigo 43.1 do R.D. 500/1990, esta Intervención **informa favorablemente a xeración de crédito nº 10-X/2021** pola citada contía nas aplicacións orzamentarias propostas.*

Malia ó anterior, cómpre advertir que a proposta de resolución obriga a contabilizar esta xeración de créditos dentro duns proxectos específicos de gasto que á data de realización deste informe non existen, a saber, 21-2-10-01 “Instalación de elevador na rúa Avilés de Tamarancos”, 21-2-10-02 “Acondicionamento e mellora rúas Valle Inclán, Ramón Cabanillas e Bedoya”, 21-2-10-03 “Pavimentación e renovación das redes de servizos nas rúas Parque de San Lázaro, Xaquín Lorenzo, Bedoya ata Valle Inclán e Cardenal Quevedo ata Avda. de Habana” e 21-2-10-04 “Humanización rúa Concordia”, extremo que constitúe unha irregularidade formal dado que non se pode ordear contabilizar aquilo que non existe.”

No informe-proposta citado no primeiro parágrafo se recolle expresamente: *“Por outra parte, toda vez que o crédito que se propón xerar conta con financiamento afectado, susceptible polo tanto de xerar desviacións de financiamento cuxa cuantificación resulta mais doada si se utiliza a figura contable dos “proxectos de gasto”, estase a tramitar conxuntamente o expediente número cividas: 2021049461 (expediente vinculado ao actual), de creación dos proxectos específicos de gasto, identificados cos códigos: 21-2-10-01, 21-2-10-02, 21-2-10-03 e 21-2-10-04.”*

Esta mesma práctica administrativa (toda vez que os expedientes están interrelacionados, pero que son aprobados por Órganos diferentes, no caso da Xeración de Crédito compete á Alcaldía e no caso do Proxecto Específico de Gasto compete a Concelleira delegada de Facenda) foi seguida noutros expedientes similares, neste mesmo exercicio orzamentario, sen ningunha advertencia da Intervención Municipal ó respecto: XC-005X/2021 (expte. 2021019409), XC-006X/2021 (expte. 2021025664), XC-008X/2021 (expte. 2021032902) e XC-009X/2021 (expte. 2021037681).

En uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto, Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co número 16 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 010-X/2021, utilizando a figura das xeracións de

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:T6Q07XYEEE36WRNL



crédito, contabilizando esta dentro dos proxectos específicos de gasto con códigos 21-2-10-01 “Instalación de elevador na rúa Avilés de Tamarancos”, 21-2-10-02 “Acondicionamento e mellora rúas Valle Inclán, Ramón Cabanillas e Bedoya (dende intersección con Valle Inclán ata Avda. de Bos Aires)”, 21-2-10-03 “Pavimentación e renovación das redes de servizos nas rúas Parque de San Lázaro, Xaquín Lorenzo, Bedoya ata Valle Inclán e Cardenal Quevedo ata Avda. de Habana” e 21-2-10-04 “Humanización rúa Concordia”, de acordo co seguinte detalle:

| APLICACIÓN DOS FONDOS | | |
|------------------------------|---|-------------------|
| <u>APLICACIÓN</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
| S100.1532.60900 | Act. Pavimentación acceso vías públicas | 3.000,00 € |
| S100.1532.61900 | Infraestruturas viarias urbanas | 1.000,00 € |
| TOTAL..... | | 4.000,00 € |

| ORIXE DOS FONDOS | | |
|-------------------------|---|-------------------|
| <u>CONCEPTO</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
| 76101 | Subv. Deputación Plan Esp. Coop. Obras e Serv. (NIF:P3200000B) | 4.000,00 € |
| TOTAL..... | | 4.000,00 € |

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos, **ó Servizo de Infraestruturas**, como centro xestor do gasto, aos efectos oportunos.

O manda e asina o Sr. Alcalde, do que eu Oficial Maior, dou fe.

